

## **MOCIÓN DE AER SOBRE O PASEO DE CESANTES**

PLENO 31 XULLO 2014. ACTA 10/2014

“En primeiro lugar, lembremos o que di a Lei de Costas sobre a Servidume de Tránsito, non seu artigo 27º:

*“ 1. La servidumbre de tránsito recaerá sobre una franja de 6 metros, medidos tierra adentro a partir del límite interior de la ribera del mar. Esta zona deberá dejarse permanentemente expedita para el paso público peatonal y para los vehículos de vigilancia y salvamento, salvo en espacios especialmente protegidos.*

*2. En lugares de tránsito difícil o peligroso dicha anchura podrá ampliarse en lo que resulte necesario, hasta un máximo de 20 metros.*

*3. Esta zona podrá ser ocupada excepcionalmente por obras a realizar en el dominio público marítimo-terrestre. En tal caso se sustituirá la zona de servidumbre por otra nueva en condiciones análogas, en la forma en que se señale por la Administración del Estado. También podrá ser ocupada para la ejecución de paseos marítimos.”*

Ao longo destes anos de desenvolvemento do Plan Marisma, fixéronse diversas modificacións por mor das dificultades atopadas, ou para adaptarse mellor ás necesidades concretas coas que nos imos atopando.

Neste tramo final no que xa entramos para rematar con todas as inversións previstas, contéplase unha intervención na praia de Cesantes, que inclúe un curioso carril bici proxectado non sabemos ben para quen, xa que non sabemos como pensan chegar alí coa bici ou como pensan ir cos fillos/as ou netos/as segundo o caso. En AER entendemos que se debe prolongar o paseo existente ata a zona denominada “dos estaleiros”, co cal se permitiría o acceso á praia sen percorrer toda a “estrada da praia”, e mesmo acceder á Punta paseando ou en bici dun xeito máis sinxelo.

Parécenos que despois de ter permitido unha tras outra un montón de ilegalidades urbanísticas, pretenden agora facilitarlle os servizos (saneamento, vados,..) e mirar para outro lado. Agora ímolo converter en zona VIP, paseo de bici para residentes, con acceso en coche e se cadra ata con aparcadoiros privados en zona pública.

Dada a covardía amosada polos diversos gobernos locais para afrontar ese problema, cando menos pensamos que se debe actuar cun pouco de sentidoño. ¿Queremos poñer en valor a costa ata Cesantes? Nós si. E propoñemos que se modifique o proxecto e que a inversión prevista reverta en toda a cidadanía.

Resúltanos difícil de entender tamén que a servidume de tránsito non só ten uso como rúa para tránsito de vehículos particulares, senón que ademais contan con licenzas de “¡VADOS!”.

Lembrámoslles que no 14 de marzo de 2006 publicouse no BOE a posta a información pública do proxecto de senda peonil entre a Praia e as instalacións portuarias de Cesantes Fase I. Proxecto ao que o anterior equipo de goberno renunciou, perdendo una oportunidade única, xa que o faría Costas, uníndose esta renuncia á serie de despropósitos que se veñen producindo no noso litoral.

No tramo no que pretenden facer o paseo podemos dicir que xa existe un paseo consolidado, deteriorado polo paso dos coches máis que polo temporal. Ademais, está sendo rehabilitado o muro de contención por Costas. Imos facer una dobre inversión no mesmo lugar no espazo dun ano que non vai mellorar para nada a recuperación do areal. ¿Ou teñen pensado desfacer o que fixo Costas e eliminar o muro como recomendou o arquitecto municipal se queremos facer efectiva a recuperación do areal?

Pensamos tamén que debe modificarse o proxecto e a inversión, continuando o paseo dende onde remata a intervención de Costas en dirección ao peirao de Cesantes contemplando a opción máis respectuosa e favorable para a recuperación do areal.

Por todo o anterior propoñemos ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes **acordos**:

**1. Presentar proposta de modificación do proxecto, para prolongar o paseo ata a zona denominada “dos estaleiros”.**

**2. Limitar o acceso aos vehículos particulares e darlle carácter peonil ao paseo, tanto ao que está feito como ao tramo futuro, ademais de retirar con carácter inmediato as licenzas de vado outorgadas.”**

#### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que se se tivo que cambiar a actuación como consecuencia da recuperación dos muros, van retirar a moción.

A moción retírase.